

ACTA DE CORRECCIÓN DE ERROS DA SECRETARIA DO TRIBUNAL AVALIADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DUN POSTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A FUNCIONARIO/A INTERINO/A POR SUBSTITUCIÓN TRANSITORIA DA SÚA TITULAR.

Visto o texto da acta de 18 de decembro de 2018 deste tribunal con motivo da realización do **primeiro exercicio**. Texto publicado tanto na páxina web do Concello como no taboleiro de edictos municipal.

E detectado un erro material no texto da mesma, pois na táboa de resultados do devandito primeiro exercicio o candidato D. Juan José Vicente Dorna figura como “Non presentado”, cando no expediente figura o seu exame debidamente asinado e cuxa calificación considerase “Non apto”.

Por este motivo, dito a presente acta como corrección erros da anterior, dado que esta discordancia considerase como tal, ao amparo do disposto no art. 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, como un mero ERRO MATERIAL dado que se aprecia o citado erro tendo en conta exclusivamente os datos do expediente administrativo no que se advirte, tratándose dun erro claro e patente, e sen que se produza unha alteración fundamental do sentido do acto podendo en consecuencia este Concello en calquera momento e de oficio proceder á súa rectificación material, procedendo á vista de todo o anterior a modificar o texto da citada acta da seguinte maneira:

No cadro dos resultados do primeiro exercicio onde di:

VICENTE DORNA	JUAN JOSÉ	Non presentado
---------------	-----------	----------------

Debe decir:

VICENTE DORNA	JUAN JOSÉ	Non apto
---------------	-----------	----------

Tomino, 19 de decembro de 2018

A SECRETARIA DO TRIBUNAL



CATALINA ECHEVARRÍA BUADES